



## ANEXO 1

### DOCUMENTO DE CRITERIOS DE SELECCIÓN E VALORACIÓN PARA PRÁCTICAS DO ALUMNADO CO PROGRAMA ERASMUS+

A formación integral do alumnado de formación profesional esixe complementar as actividades formativas do centro educativo con outro tipo de actividades e experiencias nun contorno e nun contexto real que ten difícil cabida nas aulas e nos laboratorios. De aí a necesidade de colaboración cos centros de traballo, onde o alumnado viva unha situación real nun contorno produtivo semellante ao que vai atopar nun futuro próximo, que lle sirva a súa vez como adaptación ao mundo do traballo e como etapa final da súa anterior formación.

Coa realización das mobilidades para prácticas de longa (2-3 meses) ou curta duración (5-30 días) noutro país preténdese ademais que o alumnado mellore as súas competencias sociais, aumenta o respecto á diversidade e fomenta o aumento das competencias lingüísticas e profesionais. No ámbito profesional a mobilidade é un medio para adquirir coñecementos teóricos, prácticos e de comportamento, é dicir, competencias e cualificacións adaptadas ao espazo sen fronteiras da Unión Europea.

No caso da FP, estas mobilidades poden servir para facer as FCT, prácticas na empresa de longa duración ou unha estancia máis curta e poden ser solicitadas polo alumnado para facer prácticas que poden ser para validar as FCT ou non, tamén unha vez rematado o ciclo durante o ano inmediatamente posterior ao remate do mesmo.

A selección de estudantes para a realización da Formación en Centros de Traballo fora de Galicia realízase no IES As Fontiñas de conformidade coas pautas establecidas pola Axencia Nacional.

A baremación dos requisitos establecidos nos criterios de selección farase tendo en conta a xustificación documental aportada polo alumnado xunto coa aportada polo profesorado (o informe de idoneidade) ou o propio centro (a certificación académica ou probas de nivel). O resto da documentación que o solicitante queira que lle sexa baremada (beca, certificacións lingüísticas, etc.), deberá presentarse ao formalizar a solicitude en setembro.

O Centro garantizará que os criterios de selección se apliquen de forma xusta, equitativa, transparente e coherente. Tódolos requisitos relativos á selección de alumnado serán totalmente transparentes, documentados e postos á disposición de tódalas partes involucradas no proceso de selección. Os criterios de concesión das axudas e o procedemento para a súa adxudicación faranse públicos, así como o seu resultado sen vulnerar os dereitos derivados da Lei de Protección de datos.

O IES As Fontiñas, cando sexa posible, informará do número de solicitudes para a realización da FCT no estranxeiro e dos posibles países de acollida (esta información será de carácter orientativo). Elaborarase unha lista co alumnado candidato e cunha antelación mínima de 2 meses ao período de realización da FCT no estranxeiro publicarase a lista de alumnado pre-seleccionado. Dita lista recollerá alumnado en reserva (se existe un número suficiente de alumnos/as solicitantes).



A baremación farase pública no taboleiro da sección Erasmus que hai na entrada do centro. Todas as candidaturas (tanto as seleccionados como as non admitidas) serán informadas desta publicación, que incluírá a lista de agarda.

O Centro garantizará que a selección dos beneficiarios finais sexa coa suficiente antelación para permitir a preparación eficiente deste período de formación en centros de traballo no estranxeiro.

Hai que ter en conta que a asignación de empresas dependerá en gran medida dos coñecementos de linguas e da adaptación aos requirimentos da empresa. Facilitaranse recursos ao alumnado para que participe activamente na busca de institucións de acollida.

## I. CRITERIOS PARA A CONCESIÓN DAS MOBILIDADES DO ALUMNADO

A Comisión Erasmus seleccionará as candidaturas seguindo os seguintes criterios.

### 1. INFORME DE IDONEIDADE. (máximo 3 puntos)

A puntuación deste informe será a media aritmética dos puntos outorgados polos/as equipo docente na sesión de avaliación. No caso de non ter cursado primeiro no centro será a puntuación do equipo docente dese curso. No caso de ter cursado 1º no centro, pero non ter o informe por facer a solicitude xa en setembro, a puntuación deste apartado será 0.

Neste apartado terase en conta a capacidade de integración e traballo en grupo, o comportamento en clase e respecto aos demais e a capacidade de adaptación a novas circunstancias e resolución de problemas.

Cando a un alumno/a se lle aplique, no curso académico no que se solicita beca Erasmus, a suspensión do dereito de asistencia a determinadas clases ou ao centro por un período de ata tres días lectivos<sup>1</sup> terá unha valoración de 0 puntos no informe de Idoneidade.

No caso de que un/a alumno/a se lle aplique un procedemento de corrección das condutas gravemente prexudiciais para a convivencia do centro,<sup>2</sup> no curso académico no que estaba programada a realización da mobilidade, dita solicitude será rexeitada e o alumno/a perderá o dereito a participar no programa de mobilidade Erasmus do IES As Fontiñas. Incluso no caso de que a alumna/o xa teña asignada a beca Erasmus esta poderá ser revogada pola Comisión Avaliadora como resultado dese procedemento de corrección de condutas gravemente prexudiciais para a convivencia do centro imposto pola dirección do centro<sup>3</sup>.

<sup>1</sup> Segundo se establece no artigo 43 g) e h) do DECRETO 8/2015, do 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar.

<sup>2</sup> Segundo o artigo 46 do DECRETO 8/2015, do 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar.

<sup>3</sup> Segundo o artigo 54 c) do DECRETO 8/2015, do 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar.



## 2. VALORACIÓN DO EXPEDIENTE ACADÉMICO. (máximo 2 puntos)

O expediente académico valorarase segundo a media aritmética das cualificacións dos módulos cursados, avaliados ou validados<sup>4</sup> no último curso do Ciclo Formativo para o que se solicita a mobilidade. Só se admitirá un módulo pendente ou non superado que restará 0.5 puntos á media aritmética das cualificacións do último curso; no caso de ter mais dun módulo pendente ou non superado a solicitude do alumno/a será rexeitada e perderá o dereito a participar no programa de mobilidade Erasmus do IES As Fontiñas.

## 3. VALORACIÓN DAS LINGUAS ESTRANXEIRAS. (máximo 3 puntos)

Valoraranse ata 3 linguas estranxeiras. A lingua 1 será sempre a do país de acollida. No caso de ter o país dúas linguas oficiais, se a persoa solicitante pode acreditar ambas linguas, será a súa decisión cal quere poñer coma lingua 1 e 2.

Tódalas linguas se baremarán segundo o CEFR (Common European Framework of Reference). A tal fin, se poderán aportar certificados oficiais expedidos pola Escola Oficial de Idiomas ou por institucións acreditadas. No caso de non dispor de ningún certificado externo, o centro facilitará a acreditación de nivel nas linguas de inglés, francés e portugués.

No caso de que algunha lingua sexa inglés e o solicitante o teña cursado no 1º curso de ciclo da familia administrativa ou no 2º curso dos ciclos de Edificación e Obra Civil, se fará a seguinte equiparación:

- Nivel A2: 5 na materia de inglés
- Nivel B1: 6-7 na materia de inglés
- Nivel B2: 8-9 na materia de inglés
- Nivel C1: 10 na materia de inglés

Para o alumnado que cursou inglés no primeiro curso da familia de Edificación e Obra Civil, a equiparación é esta:

- Nivel A2: 5-6 na materia de inglés
- Nivel B1: 7-8 na materia de inglés
- Nivel B2: 9-10 na materia de inglés

Para francés (de non ter cursada a materia) e portugués haberá unha proba de nivel desenvolvida polo profesorado do IES As Fontiñas.

No caso de ter cursada a ESO e BACH con Francés coma lingua estranxeira baremarase A2 nesta lingua baseándonos no nivel da proba da ABAU.

A puntuación neste apartado outorgarase da seguinte maneira:

-Lingua estranxeira 1:

- Nivel A2: 0,5 puntos
- Nivel B1: 1 puntos
- Nivel B2: 1,5 puntos

<sup>4</sup> Os módulos validados formarán parte da media coa cualificación reflectida no expediente académico.



Cofinanciado por  
la Unión Europea



- Nivel C1: 2 puntos

-Lingua estranxeira 2:

- Nivel A2: 0,15 puntos
- Nivel B1: 0,3 puntos
- Nivel B2: 0,45 puntos
- Nivel C1: 0,6 puntos

-Lingua estranxeira 3:

- Nivel A2: 0,1 puntos
- Nivel B1: 0,2 puntos
- Nivel B2: 0,3 puntos
- Nivel C1: 0,4 puntos

#### 4. IGUALDADE DE OPORTUNIDADES (máximo 2 puntos)

Se terán en conta os seguintes casos, sumando un punto coma máximo todos eles:

- Ter beca do MEC ou ben ser familia (0,5 puntos)
- Ter quedado fora outro ano por falta de prazas, recursos ou forza maior. (0,5 puntos)
- Ter discapacidade ou ser vítima de violencia machista (se require documentación xustificativa) (1 punto)

E restarase **un punto** por ter renunciado á beca con anterioridade (sexa por cambio de idea, por non ter aprobado ou por calquera causa que non sexa forza maior).

Restará tamén **dous puntos** ter participado nunha mobilidade anteriormente coa finalidade de proporcionar a todo o alumnado a oportunidade de ir.

#### 5. SEGUIMIENTO DO PROGRAMA ERASMUS+. (máximo 1 punto)

O número de prazas dependerá das becas ERASMUS concedidas ao centro no curso académico anterior á mobilidade, é por este motivo que se valora a data da solicitude: axúdanos a facer unha petición razoada de mobilidades. Nos graos superiores de FP, as pre-inscricións no programa no caso dos ciclos de nos ciclos superiores de 2000 horas realizaranse preferentemente no curso anterior á mobilidade.

O prazo para a pre-inscrición no programa ERASMUS publícase na páxina web do centro. O período ordinario rematará co primeiro trimestre. É dicir o último día antes das vacacións de Nadal.

Deste xeito a puntuación darase así:

- se a solicitude se fixo durante o primeiro trimestre do 1º curso de grao superior: 1 punto
- se a solicitude se fixo no segundo ou terceiro trimestre de 1º curso: 0.5 puntos
- se a solicitude se fai no 2º curso: 0 puntos



Logo, co comezo de curso seguinte, abrirase un prazo de solicitude que rematará o 20 de setembro e será debidamente publicitado. O alumnado que non estivera matriculado no IES As Fontiñas durante o período ordinario de pre-inscripción no programa ERASMUS terá unha puntuación de 1 punto neste apartado.

## 6. DESEMPATE

No caso de empate, darase prioridade, pola seguinte orde:

- a) Ao alumnado que nunca participara nas mobilidades do Programa Erasmus+ do centro.
- b) Ao alumnado que teña maior puntuación no apartado 4 (igualdade de oportunidades)
- c) Ao alumnado que teña maior puntuación no apartado 1 (informe de idoneidade).
- d) Ao alumnado que teña maior puntuación no apartado 3 (linguas estranxeiras)
- e) Ao alumnado que teña maior puntuación no apartado 2 (expediente académico)
- f) De persistir o empate, resolverase segundo o procedemento establecido nos criterios de desempate da Orde de admisión de alumnado que estea vixente no momento da baremación.

## II. BAIXA DO PROGRAMA ERASMUS

Cando un/ha candidato/a non asista as reunións informativas ou entrevistas concertadas de maneira inxustificada ou non aporte a documentación requirida nos prazos establecidos, entenderase que perdeu o interese no programa Erasmus e causará baixa do mesmo, quedando a súa praza a dispor da seguinte persoa na lista de agarda.

Cando un solicitante decida non seguir adiante coa mobilidade deberá comunicalo por escrito mediante un documento proporcionado pola coordinadora Erasmus.

## III. COMISIÓN AVALIADORA

A selección das persoas candidatas será realizada por unha comisión avaliadora que estará integrada por:

- Un/a presidente/a, que será a persoa que exerce a dirección do centro educativo ou persoa en quen delegue.
- Tres vogais:
  - O/a coordinador/a de programas europeos.
  - Dous membros do equipo directivo do centro.
- Un/a secretario/a, que será un profesor do centro nomeado polo Consello Escolar, que actuará con voz e voto.

Se por calquera causa, no momento no que a comisión avaliadora teña que examinar



Cofinanciado por  
la Unión Europea



as solicitudes, algunha das persoas compoñentes non puidese asistir, será substituída pola persoa que para o efecto se nomee. Este nomeamento deberá recaer noutra persoa docente do centro educativo.